

PRESENTACIÓN

ANTÍA SÁNDEZ CALLEJO

Presidenta

Consello Galego de Relación Laborais

presidencia.cgrl@xunta.es

O 24 de marzo de 2023 o Consello Galego de Relacións Laborais tivo a honra de organizar, na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela e en colaboración coa Sección Galega da Asociación Española de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social (AEDTSS) a xornada técnica "Movilidade transnacional e internacional das persoas traballadoras".

O desprazamento de recursos humanos máis aló dos límites estatais converteuse nun fenómeno cada vez máis común no noso mundo globalizado e, moi particularmente, nunha comunidade de países como a Unión Europea que ten na liberdade de circulación de factores produtivos unha das súas razóns de ser.

Trátase, a maiores, dunha realidade cun específico impacto en Galicia, xa que o noso territorio forma co Norte de

Portugal unha Eurorrexión configurada como espazo de intensos intercambios que leva a milleiros de persoas a cruzar a fronteira cada día por motivos de traballo. Así mesmo, algunhas das industrias con máis peso na economía galega manteñen unha forte conexión cos mercados exteriores, o que provoca intensos fluxos laborais con compoñente transnacional e internacional.

Neste contexto, adquire grande importancia o correcto entendemento dos mecanismos xurídicos establecidos para garantir os dereitos das persoas traballadoras suxeitas a mobilidade, asegurando que esta non ocasione a rebaixa dos estándares de protección de quen atopa en Galicia o punto de orixe ou destino dos seus desprazamentos laborais ata ou dende o estranxeiro. Máxime, considerando a complexidade técnica deses mecanismos xurídicos, pois involucran normas procedentes de fontes tan heteroxéneas como o artigos 40 do Estatuto dos traballadores e 9 e 10 do Regulamento (CE) nº 593/2008, do 17 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a lei aplicable ás obrigacións contractuais (Roma I); o conxunto de directivas europeas sobre os desprazamentos de persoas traballadoras no marco de prestacións de servizos transnacionais (Directiva 96/71/CE, Directiva 2014/67/UE, Directiva 2018/957/UE ou Directiva 2019/1152/UE) e as súas respectivas normas de transposición aos ordenamentos estatais, algunhas de moi recente factura (como o Real decreto-lei 7/2021, do 27 de abril, ou a Orde TES/967/2020, do 6 de outubro); as disposicións sobre coordinación de sistemas de Seguridade Social, encabezadas polos regulamentos da UE 883/2004 e 987/2009 e os diversos tratados bilaterais e multilaterais subscritos por España na materia; así como os novos instrumentos xurdidos para abordar a alza do teletraballo (v.gr. Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia).

De aí o interese e a actualidade do programa deseñado para a xornada técnica co propósito de que un conxunto de relatores de recoñecido prestixio dispuxesen da oportunidade de abordar polo miúdo a ordenación de: [1]

os desprazamentos temporais nas prestacións de servizos transnacionais, [2] os traballos fronteirizos e [3] os novos retos que o teletraballo transnacional e internacional suscita.

Ademais, as representacións dos axentes sociais de Galicia tiveron a ocasión de pechar a xornada cunha mesa redonda sobre as especificidades laborais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, culminando unha sesión que, dende o Consello, agárdase que sexa tan só o comezo dun frutífero intercambio de coñecementos e experiencias entre o organismo e a Sección Galega da AEDTSS, auténtico referente do debate entre os iuslaboralistas do noso país.

De cara a que os contidos da xornada técnica “Mobilidade transnacional e internacional das persoas traballadoras” sexan obxecto dunha difusión dotada dos niveis de calidade e rigor que merecen, o Consello Galego de Relacións Laborais pon a disposición dos relatores a publicación científica *Revista Galega de Dereito Social*, en orde a editar e divulgar nun número monográfico especial os distintos relatorios da xornada baixo un formato de artigos doutrinais que, de seguro, serán de utilidade para todos os operadores xurídicos involucrados na internacionalización das relacións de traballo.